

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA DE VIGO

TITULO I DO OBXETIVO, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA FACULTADE

ARTIGO 1

A Facultade de Bioloxía de Vigo é a encargada da xestión administrativa e da organización universitaria conducente a obtención do título académico de Licenciado en Bioloxía e daqueles outros relacionados que se establezan, así como da difusión da cultura e da ciencia.

ARTIGO 2

De acordo co artigo 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo son funcións da Facultade de Bioloxía de Vigo:

- a) Custodia-las actas de calificación e os expedientes dos estudantes.
- b) Expedi-las certificacións académicas solicitadas polos estudantes á Facultade.
- c) Elabora-las propostas de planos de estudos e formular aos departamentos suxestións en materia da súa aplicación e desenvolvemento.
- d) Proceder á organización da docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia aos departamentos, de conformidade cos plans de estudos e aquelas ensinanzas que dean dereito a títulos propios.
- e) Organizar as relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
- f) Aplica-las directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- g) Fomentar, apoiar e achegar os medios materiais existentes na Facultade para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a ela.
- h) Levar a cabo a realización das actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte á Facultade.
- i) Administrar os servizos e os equipamentos asignados á Facultade.

- j) Realiza-la xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións poidan levarse a cabo.
- k) Participar nos procesos de avaliación da calidade e promoción activa da mellora da calidade e da súa oferta académica.
- l) Facer a proposición ao órgano competente da implantación de novas titulacións.
- m) Calquera outra que lle poidan atribuir os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións vixentes.

ARTIGO 3

Son membros da Facultade:

- a) Todo o personal docente ou investigador que realice a súa actividade na Facultade.
- b) Tódolos alumnos matriculados na Facultade.
- c) O persoal de administración e servizos asignado á Facultade.

ARTIGO 4

1. A Facultade rexerase polo presente Regulamento para o cumprimento das funcións que ten atribuídas pola Lei Orgánica de Universidades e os Estatutos da Universidade de Vigo. Este Regulamento debe ser interpretado no marco dos citados Estatutos e demais lexislación sobre ensino universitario.
2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste Regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin na lexislación sobre ensino universitario, rexerase segundo o previsto na Lei de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

TÍTULO II ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 5

Os órganos de Goberno e Administración da Facultade de Bioloxía de Vigo son os seguintes:

- a) órganos colexiados: Xunta de Facultade.
- b) órganos unipersonais: O Decano, o Vicedecano ou Vicedecanos e o Secretario.

CAPÍTULO I: ÓRGANOS COLEXIADOS

ARTIGO 6

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control da Facultade. Está composta polo Decano, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros, de acordo co art. 42 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da normativa para elección de membros das Xuntas de Facultade:
 - a) O equipo decanal.
 - b) Todo o profesorado funcionario con docencia maioritaria nesta Facultade, que constituirá o 51% da Xunta. Os profesores que teñan a mesma carga docente en varios centros terán que optar por un deles.
 - c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta. De eles, polo menos o 80% corresponderá ao personal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
 - d) Unha representación dos estudantes que constituirá o 30% da Xunta, dos cales unha sexta parte serán alumnos de Terceiro Ciclo.
 - e) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta.
2. Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos e a súa elección rexirase pola normativa vixente na Universidade de Vigo. No caso de vacante dun candidato electo na Xunta procederase a nomea-lo seguinte candidato máis votado na respectiva lista.
3. De acordo co artigo 28 dos Estatutos vixentes na Universidade de Vigo perderase a condición de membro dun órgano colexiado por finalización legal do mandato, por petición propia ou por perda das condicións necesarias para ser elixido.

ARTIGO 7

1. De acordo co artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo son funcións da Xunta de Facultade de Bioloxía de Vigo:
 - a) Elaborar e aproba-lo Regulamento de Réximen Interno e, no seu caso, modificalo.
 - b) Elixir e, no seu caso, revoca-lo Decano.

- c) Aprobar a distribución da asignación orzamentaria da Facultade.
 - d) Establece-los obxectivos educativos das titulacións ao seu cargo e elaborar e aproba-las propostas dos correspondentes planos de estudio.
 - e) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos da Facultade.
 - f) Resolve-los conflitos que se poidan producir no seo da Facultade.
 - g) Promover e coordena-la realización de proxectos fin de carreira, teses de licenciatura e de ensinanza e actividades complementarias esixidas para a obtención de títulos.
 - h) Propoñer e aplica-las normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
 - i) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanza complementarias, así como habilitar medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
 - j) Coordinarse con outros Centros para facilitar a elección por parte dos estudantes das materias de libre configuración do seu currículo.
 - k) Aprobar anualmente os programas de cada materia presentados polos departamentos respectivos.
 - l) Distribuir os espazos que lle sexan asignados.
 - m) Calquera outra función atribuída polos Estatutos vixentes na Universidade de Vigo.
2. Outras funcións son:
- a) Aprobar, se procede, a memoria anual sobre as actividades da Facultade presentada polo Decano.
 - b) Realizar anualmente o encargo de docencia aos Departamentos.
 - c) Crear cantas comisións se estimen pertinentes e, no seu caso, fixa-los asuntos que poidan ser delegados nelas.

ARTIGO 8

A Xunta de Facultade actuará en Pleno ou en Comisión Delegada Permanente.

ARTIGO 9

O Pleno da Xunta de Facultade estará formado por tódolos seus membros e reunirse cando sexa convocado polo Secretario por orde do Decano.

ARTIGO 10

A convocatoria da Xunta de Facultade será de carácter Ordinario ou Extraordinario. En forma Ordinaria reunirse alomenos unha vez ao trimestre e con carácter Extraordinario a iniciativa de:

- a) O Decano.
- b) Cando o solicite, por escrito e asinado, alomenos o 25% dos membros da Xunta.
- c) A petición, por escrito e asinado, da maioría dos membros da Comisión Permanente.

ARTIGO 11

1. A convocatoria Ordinaria farase, como mínimo, cunha antelación de setenta e duas horas, contadas en días hábiles.
2. A convocatoria Extraordinaria deberá notificarse, como mínimo, con cuarenta e oito horas de antelación, contadas en días hábiles. Cando sexa solicitada polos membros da Xunta ou da Comisión Permanente, celebrarase dentro dos dez días lectivos seguintes á solicitude.

ARTIGO 12

1. A convocatoria debe incluír o día, lugar, hora e orde do día da sesión e debe axustarse ao disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
2. A convocatoria ordinaria da Xunta debe incluír como mínimo os seguintes puntos: Lectura e aprobación das Actas das sesións anteriores, Informe do Decano, Asuntos de trámite e Rogos e preguntas.
3. Na orde do día deberase incluír calquer asunto que sexa solicitado por escrito, como mínimo polo 10% dos membros da Xunta, alomenos vinte e catro horas antes da convocatoria. Nesta solicitude deberá incluírse a relación detallada dos asuntos a tratar.

4. Cando a convocatoria sexa extraordinaria a petición dos membros da Xunta ou da Comisión Permanente (artigo 10, apartados b, c) deberán figurar na orde do día os puntos fixados na petición.
5. A documentación relativa aos puntos da orde do día deberá estar depositada desde o momento da convocatoria na Secretaría e estará a disposición dos membros da Xunta.
6. As convocatorias a alumnos realizadas en días non lectivos deberán ser enviadas ao domicilio particular.

ARTIGO 13

1. A Xunta de Facultade constitúese válidamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, ou en segunda convocatoria, que se celebrará trinta minutos despois, cando asistan alomenos unha terceira parte dos seus membros, excluídos do cómputo aqueles que teñan xustificada a súa inasistencia.
2. De non conseguilo quorum sinalado na segunda convocatoria, procederase no mesmo día, a convocar unha nova Xunta, que se celebrará nos seguintes cinco días hábiles.

ARTIGO 14

As sesións da Xunta de Facultade poderán desenvolverase en unha ou máis reunións. Enténdese por sesión o período de tempo necesario para esgota-la orde do día. Denomínase reunión o período de mañá ou tarde no que teña lugar parte da sesión.

ARTIGO 15

A Xunta será presidida polo Decano ou, na súa ausencia, polo Decano en funcións, que estará asistido polo resto do Equipo Decanal, e será o responsable de ordear e dirixilos debates.

ARTIGO 16

Cando un membro da Xunta de Facultade desexe que se recolla textualmente a súa intervención, deberá comunicalo verbalmente ao Secretario durante a propia sesión, entregándolle por escrito o texto correspondente, nun prazo de cuarenta e oito horas unha vez finalizada esta.

ARTIGO 17

1. De acordo co artigo 26 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as sesións da Xunta de Facultade estarán abertas a todos os membros da comunidade universitaria, que poderán asistir a elas sen voz e sen voto, agás cando se lle autorice no uso da palabra, e ocuparán os asentos destinados ao efecto.
2. Calquera persona que poida ter interés nos asuntos específicos a tratar ou poida resultar afectada polos acordos que se tomen, poderá ser invitada a proposta do Decano, e co visto e prace da Xunta de Facultade, ás sesións, con voz pero sen voto.

ARTIGO 18

1. As decisións da Xunta de Facultade serán en forma de acordos, que poderán ser tomados por asentimento a proposta do Decano, ou en votación, pola maioría dos asistentes. A votación será a man alzada ou secreta a petición de calquera membro da Xunta.
2. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría simple, procederase a realizar unha segunda votación entre as dúas máis votadas, e neste caso aceptarase a proposta máis votada.
3. O voto faise efectivo persoalmente no momento da votación.
4. Só poderán ser obxecto de deliberación e acordo aqueles asuntos que figuren na orde do día salvo que, estando presentes tódolos membros do órgano, sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
5. Unha vez iniciado o proceso de votación e ata que se emita o resultado definitivo do escrutinio non se poderá entrar, nin saír da sala.
6. Non se poderán tomar acordos validamente se no momento da votación non estiveran presentes alomenos un tercio dos membros da Xunta, excluídos do cómputo aqueles que teñan xustificada a súa inasistencia.

ARTIGO 19

O Secretario da Xunta de Facultade, que será o da Facultade, levantará acta de tódalas sesións, dará fe da actuación dos órganos de goberno e coma tal encoméndaselle a custodia dos Libros de Actas.

ARTIGO 20

As Actas transcribíranse no Libro de Actas, que estará baixo a custodia do Secretario, e poderá ser consultado por calquera membro da Facultade. O Secretario dará certificación literal do contido a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito.

CAPÍTULO II: ÓRGANOS UNIPERSONAIS

ARTIGO 21

Son órganos unipersoais de goberno da Facultade de Bioloxía de Vigo:

- a) O Decano.
- b) O Vicedecano ou Vicedecanos.
- c) O Secretario.

SECCIÓN I: O DECANO

ARTIGO 22

1. O Decano representa á Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos Colexiados e executa os acordos destes.
2. O Decano será elixido pola Xunta de Facultade e nomeado polo Rector de entre os profesores doutores dos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo e pertencentes á Xunta, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
3. O Decano cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade.

ARTIGO 23

De acordo co artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano da Facultade, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión da Facultade, e ten as seguintes funcións:

- a) Exercicio da representación da Facultade.
- b) Convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade.
- c) Execución dos acordos da Xunta de Facultade.

- d) Supervisión do funcionamento dos servizos da Facultade.
- e) Dirección da xestión ordinaria da Facultade.
- f) Proposición, oída a Xunta de Facultade, de apertura de informe previo por parte do Reitor, a calquera membro da Facultade.
- g) Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.

ARTIGO 24

O Decano, ou unha Comisión de Avaliación de Calidade e Planificación creada a tal efecto, elaborará unha memoria anual que incluírá como mínimo:

- a) Grao de cumprimento do plano de estudos.
- b) Resultado do proceso de admisión de estudantes.
- c) Valoración e análise dos resultados dos estudantes.
- d) Utilización da súa infraestrutura e proposta de necesidades.
- e) Análise da actividade docente dos Departamentos na Facultade.

O proxecto de memoria será presentado á Xunta de Facultade polo Decano e sometido á votación daquela.

A devandita memoria, unha vez aprobada pola Xunta de Facultade, será remitida ao Consello de Goberno para a súa toma en consideración se procedese.

SECCION II: O VICEDECANO OU VICEDECANOS

ARTIGO 25

1. De acordo co artigo 67 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

- a) O Decano designará de entre tódolos membros da Facultade o Vicedecano ou Vicedecanos, que serán nomeados polo Rector
- b) O Vicedecano ou Vicedecanos actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o Decano.

2. O Decano designará a orde da súa substitución no caso de que existan varios Vicedecanos.

3. O Vicedecano ou Vicedecanos cesarán no seu cargo a petición propia ou por decisión do Rector a proposta do Decano.

SECCIÓN III: O SECRETARIO

ARTIGO 26

1. De acordo co artigo 68 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano designará un Secretario de entre o persoal da Facultade, que será nomeado polo Reitor.
2. Correspóndelle ao Secretario dar fe dos acordos adoptados polos órganos de Goberno da Facultade, así como a custodia dos libros de actas destes.
3. O Secretario cesará no seu cargo a petición propia ou por decisión do Rector a proposta do Decano.

SECCIÓN IV: ELECCIÓN DO DECANO

ARTIGO 27

A elección de Decano farase de conformidade co disposto nos artigos 50, 51, 52, 55, 56 e 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo, e a Normativa da Universidade de Vigo para a Elección de Decanos e Directores de Centro.

ARTIGO 28

Concluído o mandato electoral dun Decano, producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido, ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral correspondente, para o cal o Reitor:

- a) Confirmará ao Decano, en funcións, ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido.
- b) Autorizará ao Decano en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de quince días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais da Facultade.

ARTIGO 29

As persoas elixibles como Decano obterán a condición de candidatos mediante a presentación no Rexistro da Facultade, da correspondente solicitude onde, ademais dos seus datos persoais, sinalarán as persoas que ocuparán os cargos de Vicedecano e de Secretario.

ARTIGO 30

O número de membros do equipo decanal da Facultade de Bioloxía estableceráse en función do número de estudantes: 1 vicedecano, de 1 a 500 estudantes e 2 vicedecanos, de 501 a 1500 estudantes.

ARTIGO 31

Na Facultade haberá unha Xunta Electoral que fará a proclamación de candidatos e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral. A sede da Xunta Electoral será a da Facultade.

ARTIGO 32

A Xunta Electoral da Facultade estará integrada por:

- a) O Decano en funcións, que a preside.
- b) O Secretario, que actuará como secretario da mesma.
- c) Un membro do Personal Docente e Investigador, outro do Personal de Administración e Servizos e un estudante designados por sorteo público, no que tamén se elixirán os seus suplentes.

ARTIGO 33

No caso de que o Decano en funcións sexa candidato, cesará na súa condición de Presidente da Xunta Electoral e será substituído polo profesor máis antigo segundo prelación de corpos.

ARTIGO 34

A convocatoria de eleccións será feita pública no Taboleiro Electoral da Facultade, previa autorización, polo Decano en funcións e conterá:

- a) Constitución da Xunta Electoral
- b) Exposición de censos provisionais.
- c) Prazo de reclamacións aos censos provisionais.
- d) Exposición de censos definitivos.
- e) Prazo de presentación de candidaturas.

- f) Data de proclamación provisional de candidatos.
- g) Prazo de presentación de reclamacións.
- h) Data de proclamación definitiva de candidatos.
- i) Data de votación.

ARTIGO 35

1. As solicitudes dirixiranse ao Presidente da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles.
2. No día seguinte á finalización do prazo, ao que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles, que serán resoltas no día hábil seguinte, coa publicación da relación definitiva de candidatos.

ARTIGO 36

A Xunta de Facultade reunirse en sesión Extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo Decano en funcións, quen outorgará un espacio de quince minutos a cada un dos candidatos para que expoñan o seu programa e de seguido, noutros quince minutos respondan ás preguntas que se lles formulen. No caso de que o Decano en funcións sexa candidato, a Xunta de Facultade será presidida polo profesor mais antigo segundo prelación de corpos. Rematadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.

ARTIGO 37

Rematado o escrutinio, resultará elixido aquel dos candidatos que obteña a maioría simple dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada a devandita maioría, celebrarase unha segunda votación na que resultará elixido aquel dos candidatos que obteña maior número de votos. No suposto de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos será elixido o máis antigo segundo prelación de corpos. Se hai un único candidato, este ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.

ARTIGO 38

Finalizada a votación, o Secretario da Facultade levantará a corresponde Acta, na que se recollerán tódalas incidencias e o resultado do escrutinio; resultado que o Presidente da sesión elevará ao Reitor para que se dicte a resolución de nomeamento correspondente.

SECCIÓN V: REVOCACIÓN DO DECANO

ARTIGO 39

1. O Decano poderá ser revocado por unha moción de censura, que deberá ser presentada por escrito na secretaría da Facultade. Terá que estar avalada por un mínimo de un tercio dos membros da Xunta de Facultade e deberá conter o nome dun candidato alternativo ao Decano xunto co seu equipo.
2. O Decano estará obrigado a convocar unha reunión extraordinaria do pleno, con este único punto na orde do día, dentro dos seguintes quince días lectivos á recepción da moción no rexistro da Facultade. Nos cinco primeiros días deste prazo poderanse presentar outras mocións alternativas.

ARTIGO 40

Na sesión do pleno dedicada á moción de censura darase a palabra durante un máximo de trinta minutos aos candidatos alternativos, que deberán responder ás preguntas e observacións que se lles formulen durante un máximo de cuarenta e cinco minutos. Deseguido procederase de igual forma co Decano e trala súa intervención e a correspondente discusión, procederase á votación, que será nominal e segreda.

ARTIGO 41

A moción de censura será aprobada se obtén os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. En tal caso o Decano comunicará ao Rector no seguinte día hábil para que se proceda ao nomeamento do novo Decano, seguindo en funcións o Decano censurado ata a toma de posesión do novo.

ARTIGO 42

Se a moción de censura é rexeitada ao non obter a maioría absoluta, ningún dos seus firmantes poderá suscribir outra perante ese curso académico.

TÍTULO III: COMISIÓNS DELEGADAS

ARTIGO 43

1. A Xunta de Facultade poderá crear Comisións Delegadas co obxecto de realizar tarefas de estudo, asesoramento e propoñer solucións a temas ou problemas concretos obxecto de consideración pola Xunta de Facultade. Así mesmo, poderanse crear outras comisións para realizar tarefas similares ás anteriores con relación a temas específicos non vinculados directamente ás competencias da Xunta. No acordo de creación deberán especificar polo menos a finalidade e a composición da comisión.
2. As Comisións Delegadas poden ser Estables ou Coxunturais. As Comisións Estables responden a cometidos fixos; as Coxunturais constitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes.

ARTIGO 44

1. As Comisións serán presididas polo Decano, ou persoa en quen delegue, quen dirixirá e moderará os debates.
2. Os membros das Comisións teñen que selo da Xunta de Facultade.
3. O Decano presentará unha proposta dos membros das Comisións. No caso de non ser aceptada por asentimento, os membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade eleixrán os seus representantes. Cada elector só poderá votar como máximo, a un número de candidatos igual ao 60% do número de representantes do seu sector na Comisión.
4. A asistencia ás sesións das Comisións é obrigatoria para os seus membros. Perderase a condición de membro dunha comisión pola inasistencia sen causa xustificada a tres sesións. Perderase ademais a condición de membro por finalización legal do mandato, por pedimento propio e por perda das condicións necesarias para ser electo.

5. No caso de vacante nunha comisión, procederáse a elección dun novo membro dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.
6. O Presidente das Comisións pode invitar a participar nelas, con voz e sen voto, a outras persoas, que poida ter interés nos asuntos específicos a tratar ou poida resultar afectada polos acordos que se tomen.
7. As reunións das Comisións terán que se celebrar nos locais da Facultade, en días hábiles e serán convocadas por escrito polo Presidente. As de carácter ordinario, cunha antelación mínima de cuarenta e oito horas, e as de carácter extraordinario, de vintecatro horas.
8. As convocatorias a alumnos realizadas en días non lectivos deberán ser enviadas ao domicilio particular.

ARTIGO 45

As Comisións Delegadas Estables da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo serán:

- a) Comisión Permanente
- b) Comisión de Docencia e Validacións
- c) Comisión de Actividades Culturais
- d) Comisión de Avaliación da Calidade e Planificación

ARTIGO 46

1. As Comisións Estables constitúense validamente cando concorran os dous tercios dos membros que non xustifiquen a súa ausencia; en calquera caso o quorum nunca será inferior a un tercio do total, e presentarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, sendo preciso que no momento da votación exista o quorum sinalado.
2. O secretario da Comisións levantará un Acta sucinta, na que se recollerán os acordos adoptados, as opinións contrarias, o resultado das votacións e a relación dos membros presentes no momento da votación.

CAPÍTULO I: COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 47

A Comisión Permanente estará composta por:

- a) O Decano.
- b) O Secretario.
- c) 3 membros elixidos entre o Personal Docente e Investigador funcionarios.
- d) 1 membro elixido entre o Personal Docente e Investigador non funcionario.
- e) 2 membros elixidos entre os alumnos: un de Primeiro e Segundo Ciclo e outro de Terceiro Ciclo.
- f) 1 membro elixido entre o Personal de Administración e Servizos.

ARTIGO 48

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Estudiar, asesorar e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que o Decano ou a Xunta de Facultade someta a súa consideración.
- b) Decidir sobre asuntos de trámite ou aqueles outros que a Xunta de Facultade delegue nela. Cando algún membro da Comisión considere que un asunto non é de trámite, este deberá ser obrigatoriamente tratado na Xunta de Facultade.

ARTIGO 49

O Decano de Facultade informará á Xunta de Facultade na primeira sesión ordinaria que se celebre con posterioridade á derradeira celebrada pola Comisión Permanente, de tódalas decisións da Comisión.

ARTIGO 50

1. A Comisión Permanente reunirse de forma ordinaria ou extraordinaria cando o considere oportuno o Decano, ou se o piden a cuarta parte dos seus membros.
2. Na convocatoria desta Comisión, que se fará según o artigo 46, deberán figurar os puntos da orde do día, que incluírán, no caso de ser ordinaria, o informe e aprobación da Acta anterior e o apartado de Rogos e Preguntas.

CAPÍTULO II: COMISIÓN DE DOCENCIA E VALIDACIÓNS

ARTIGO 51

A Comisión de Docencia e Validacións estará composta por:

- a) Decano ou persoa en quen delegue

- b) 3 membros eleixidos entre o Personal Docente e Investigador
- c) 2 membros eleixidos entre os alumnos de Primeiro ou Segundo Ciclo
- d) 1 membro eleixido entre o Personal de Administración e Servizos.

O Secretario será eleixido entre os membros da Comisión.

ARTIGO 52

Son funcións da Comisión de Docencia e Validacións as que a continuación se indican:

- a) Actuar como comisión de arbitraje para resolver conflitos en todo o relativo a docencia.
- b) Proponer á Xunta de Facultade o calendario de exámenes oficiais.
- c) Velar que os horarios e contidos teóricos e prácticos das diferentes materias impartidas na Facultade, se axusten ao disposto nos planos de estudio vixentes.
- d) Establecer as canles de comunicación entre os profesores dun mesmo curso ou ciclo, para a planificación e desenvolvemento dos mesmos.
- e) Elaborar o proxecto de regulamento para a realización, defensa e calificación de teses de licenciatura.
- f) Informar sobre as solicitudes de validación parcial de estudos á Xunta de Facultade, para ser tramitadas á Comisión de Goberno.
- g) Calquera outra función relacionada coa docencia que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na Comisión.

ARTIGO 53

Os asuntos destinados a esta Comisión faranse chegar por escrito ao Presidente da Comisión.

CAPÍTULO III: COMISIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS

ARTIGO 54

A Comisión de Actividades Culturais estará composta por:

- a) Decano ou persoa en quen delegue
- b) 2 membros eleixidos entre o Personal Docente e Investigador

c) 3 membros eleixidos entre os alumnos: 2 de Primeiro ou Segundo Ciclo e un de Terceiro Ciclo

d) 1 membro eleixido entre o Personal de Administración e Servizos

O Secretario será eleixido entre os membros da Comisión.

ARTIGO 55

Son funcións da Comisión de Actividades Culturais as que a continuación se indican:

a) Coordinar e potenciar todo tipo de actividades relacionadas coa cultura e o ocio destinaídas ao disfrute do colectivo universitario e da sociedade.

b) Coordinar a xestión do orzamento asignado a estas actividades ou as partidas que se obteñan para fins congruentes coas competencias desta Comisión.

CAPÍTULO IV: COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CALIDADE E PLANIFICACIÓN

ARTIGO 56

A Comisión de Avaliación de Calidade e Planificación estará composta por:

a) O Decano ou persoa en quen delegue.

b) 3 membros eleixidos entre o Personal Docente e Investigador funcionarios.

c) 1 membro eleixido entre o Personal Docente e Investigador non funcionario.

e) 1 membro eleixido entre os alumnos de Primeiro, Segundo e Terceiro Ciclo.

f) 1 membro eleixido entre o Personal de Administración e Servizos.

O Secretario será eleixido entre os membros da Comisión.

ARTIGO 57

Son competencias da Comisión de Avaliación de Calidade e Planificación:

a) Elaborar a memoria anual.

b) Elaborar o Plan de Calidade e Accións de Mellora da Facultade de Bioloxía.

c) Seguimento do Plan Estratéxico de Facultade.

d) Calquera outra función relacionada coa avaliación da calidade e planificación que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na Comisión.

TÍTULO IV: REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 58

A iniciativa para a reforma do regulamento deberá ser proposta polo Decano ou por un mínimo do 25% dos membros da Xunta de Facultade. Deberá conte-lo texto articulado que se propoña introducir e a motivación en que se fundamente.

ARTIGO 59

1. A proposta de reforma será sometida a unha votación na Xunta de Facultade, que decidirá por maioría absoluta se a debe tomar en consideración.
2. Se a proposta é tomada en consideración abrirase un prazo de quince días hábiles para a presentación de enmendas, que serán discutidas e votadas en Xunta de Facultade, realizándose ao final unha votación conxunta da proposta definitiva que requerirá para ser aprobada a maioría absoluta.
3. Se a proposta é rexeitada non poderá volver a presentarse no prazo dun ano.

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte a súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

VIGO a 27 de maio de 2004

Aprobado en Consello de Goberno 21 de xullo de 2004